

INFORME DE SEGUIMIENTO**2025****CURSOS ACADÉMICOS****2020/21 - 2023/24****ESCOLA INTERNACIONAL DE
DOUTORAMENTO
UNIVERSIDADE DE VIGO**

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PD en Comunicación
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución Facultade de Comunicación
CÓDIGOS ISCED	2, 22, 222, 223, 213, 32, 312, 329, 321, 342
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-2014
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	29/04/2021

Aprobado pola CAPD do programa o día 19 de maio de 2025

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día DD de maio de 2025

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os estudos universitarios de posgrao contribúen de xeito significativa ao desenvolvemento científico, social e económico de Galicia, pola profundidade dos seus contidos e a seriedade do seu deseño, e deles depende a formación dos futuros docentes universitarios, investigadores e profesionais dos diferentes eidos científicos e sociais.

Se esta afirmación é importante para todas as áreas de coñecemento, resulta de especial relevancia e vixencia no eido científico da Comunicación, no que o programa de doutoramento en Comunicación segue a manter o seu interese académico e a dar resposta a unha serie de necesidades:

- Formar novos investigadores, con capacidade para analizar con rigor científico e a partir de enfoques interdisciplinares, os fenómenos e problemas característicos dunha sociedade na que a Comunicación, nas súas distintas modalidades, desenvolve un papel cada vez máis relevante.
- Impulsar a formación de novos docentes nas diferentes disciplinas relacionadas co espazo científico da Comunicación e as súas diferentes codificacións académicas.
- Integrar os futuros investigadores en equipos e liñas de traballo cunha sólida traxectoria científica e relevancia pública, a través de proxectos de investigación.
- Perfeccionar o desenvolvemento profesional, científico e técnico das persoas que finalizan os seus estudos de grao, licenciatura e mestrado e que estivesen interesadas neste amplo campo de investigación.

A resolución destas necesidades canalízase, neste caso, a través dun programa de doutoramento de carácter interdisciplinar, no que se aproveita a experiencia, así como a traxectoria investigadora e docente, do profesorado das Facultade de Filoloxía e Tradución e da Facultade de Comunicación. Ademais, o programa dá resposta á demanda por parte do alumnado nacional e estranxeiro. Os obxectivos do programa son:

- Dar continuidade investigadora ao estudantado dos diversos mestrados dos eidos científicos da comunicación, tradución, linguas e culturas vernáculas e estranxeiras, e tamén ao procedente de eidos científicos afíns.
- Seguir atraendo, dende a ubicación privilexiada da Universidade de Vigo, estudantado procedente de universidades portuguesas, e intentar captar estudantado doutros países.
- Investigar no campo dos estudos lingüísticos e culturais a través de diversos enfoques e perspectivas: semiótica, lingüística de corpus, comunicación intercultural, estudos de xénero, etc.
- Formar o estudantado en aspectos metodolóxicos básicos para afrontar a análise dos fenómenos

complexos que se producen no eido da comunicación pública, nas súas distintas modalidades e manifestacións.

- Desenvolver estudos no mundo da comunicación multimedia e audiovisual, a partir de enfoques tanto particulares como disciplinares.
- Capacitar o estudantado para o manexo experto das fontes de información e dos resultados de investigación no eido da comunicación humana, así como para o manexo das distintas ferramentas necesarias para a súa interpretación.
- Profundar nos estudos da comunicación especializada, en todas as súas dimensións, promovendo a análise cualitativa e cuantitativa de corpus textuais, con especial atención á redacción e a tradución humanística, xurídica e administrativa, económica e comercial e científica e técnica.
- Analizar as bases teóricas que fundamentan o estudo da comunicación social como un fenómeno e proceso cunha profunda influencia na vida das persoas e na configuración da comunidade.
- Profundar na investigación sobre a historia, evolución e perspectivas futuras das prácticas e os fluxos de comunicación nos eidos galego e portugués.
- Analizar e promover o estudo e a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación nos ámbitos lingüístico, literario e tradutolóxico.

A Facultade de Comunicación e a de Filoloxía e Tradución están situadas, respectivamente, no Campus da Xunqueira (Pontevedra) e no Campus de Lagoas-Marcosende (Vigo). Na facultade de Comunicación impártese docencia nas titulacións: Grao en Comunicación Audiovisual, Grao en Publicidade e Relacións Públicas, Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade, Mestrado en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais. Pola súa banda, na Facultade de Filoloxía e Tradución as titulacións son: Grao en Tradución e Interpretación, Grao en Linguas Estranxeiras, Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española, Grao en Ciencias da Linguaxe (en extinción), Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional, Mestrado en Tradución Multimedia e Mestrado en Lingüística Aplicada.

A evolución da demanda do Programa de Doutoramento en Comunicación durante os últimos anos foi constante: 20 en 2021-22, 24 en 2022-23 e 18 en 23-24. Esta experimentou unha lixeira diminución en cursos anteriores (17-18 a 20-21, con 16, 12 e 8 estudantes, respectivamente), pero, a partir do curso 21-22 recuperouse e mantense, cun pico notable de 24 solicitudes en 2022-2023, o que indica a capacidade de captación do programa.

En canto ao estudantado de novo acceso, obsérvase un patrón similar ao anterior: descendeu lixeiramente nos cursos 17-18 a 20-21, para logo recuperar cifras de 19 en 2022-2023 e 17 en 23-24. O número total de estudantes no programa oscilou entre 53 e 70, cun incremento constante no últimos tres cursos académicos (21-22: 58; 22-23: 66; 23-24: 70).

Doutra banda, cómpre destacar que segue sen existir en Galicia ningún outro programa de oferta equivalente nin no que atinxe ao seu carácter interdisciplinar nin respecto á variedade das súas liñas de investigación dentro do eido da Comunicación.

A porcentaxe de estudantes de novo acceso procedentes doutras universidades segue sendo elevado, mesmo hai cursos académicos nos que a cifra supera o 85 % (2016-17: 42,11 %; 17-18: 62,50 %; 18-19: 46,15 %; 19-20: 87,50 %; 20-21: 33,33 %; 21-22: 66,67 %; 22-23: 68,42 %; 23-24: 58,82 %). Este feito reflíctese, como non podía ser doutro xeito, na porcentaxe de estudantado estranxeiro do total de matriculados (2016-17: 38,18 %; 17-18: 47,37 %; 18-19: 43,10 %; 19-20: 49,18 %; 20-21: 43,40 %; 21-22: 53,45 %; 22-23: 57,58 %; 23-24: 57,14 %). Os datos anteriores evidencian a internacionalización do programa e a gran atracción externa que este ten, fundamentalmente no noso país veciño, Portugal (Ref. EPD3).

En canto ao perfil de egreso, cómpre indicar que o estudantado adquire as competencias desexadas, como demostra a taxa media de graduación para os cursos académicos entre 2020-2021 e 2023-2024 é de 28,58 %, a taxa media de abandono para ese período é de 13,63 % e a taxa de éxito a catro anos é do 58,3 %. Isto supón unha mellora respecto do informe de seguimento anterior, no que se rexistrou unha taxa de éxito a catro anos do 36 %. O número de teses defendidas nos seis últimos anos académicos analizados supón unha media de aproximadamente 4,8 teses por ano. Destas, a porcentaxe de teses cualificadas con cum laude superou o 50 % en case todos os cursos académicos en que se defenderon teses (2016-17: 80 %; 17-18: 80 %; 18-19: 50 %; 20-21: 71,43 %; 21-22: 66,67 %; 22-23: 80%; 23-24: 33 %). As teses con mención internacional presentan variacións, con valores altos (66,67 %) en 2021-2022 e outros períodos con porcentaxes menores (2016-17: 40 %; 17-18: 20 %; 18-19: 25 %; 20-21: 14,29 %; 22-23: 0 %; 23-24: 33 %).

Ademais, tal e como se analiza no apartado 6.5, o 62,5 % das persoas egresadas traballa na docencia, moitos deles na superior, na que é imprescindible ter acadado éxito no programa de doutoramento. De feito, varias das persoas incorporadas recentemente ao cadro de profesorado do programa son egresadas deste.

Por outra banda, a traxectoria investigadora do profesorado do programa e os proxectos de investigación que desenvolven son indicadores da actualidade do mesmo e da súa relevancia na política de I+D+i da Uvigo.

A composición do equipo docente sufriu cambios nos últimos cursos académicos, que se reflectiron na solicitude de modificación substancial da memoria de 2024, e o profesorado distribúese nos seguintes grupos de investigación:

- [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#) (IP+8 persoas investigadoras)
- [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#) (IP+5)
- [Videojuegos, Narrativa, Persuasión y Creatividad – VNPC](#): (2 IP+1)
- [Comunicación persuasiva \(CP2\)](#) (IP+1 persona investigadora)
- [Enseñanza y Aprendizaje de Lenguas Extranjeras. Historia y Presente \(EyALE.HyP\)](#) (IP+1)
- [Alta Minorización e Reprodución Lingüística no Suroeste Europeo \(AMRELSR\)](#) (1)
- [SC7 – Antenas, radar y comunicaciones ópticas](#) (1)
- [ESTILOS - Estudios de Tradución, Interpretación, Linguas Oraís e Signadas](#) (2)
- [AI1 – TALEs: Translation Accessibility, Literature, and Screen](#) (IP+2)
- [GALMA - Galician Observatory for Media Accessibility](#) (IP)

Os tres últimos grupos forman parte do Instituto de investigación LINGUA, creado en 2021 pola Universidade de Vigo e cuxa finalidade é a investigación, a innovación científica e a transferencia de coñecemento no ámbito da lingüística e as linguas, así como o fomento da multidisciplinaria e a atracción de talento. Unha das liñas de actuación, na que encaixa a investigación destes tres grupos, é a da accesibilidade de todo o mundo, independentemente das súas capacidades, aos distintos medios e modos de comunicación, obxectivo en liña coa estratexia da UVigo, así como española e europea.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das

liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa de Comunicación dispón, ata a data, das seguintes 7 liñas de investigación, co histórico de cifras de distribución do estudantado, recollido no IPD 13 que se desprega a continuación (entre os cursos 16-17 a 22-23):

L01 Comunicación virtual, ciberperiodismo e tecnoloxías da tradución (9, 11, 12, 10, 12, 11, 12)

L02 Tradución e comunicación especializada (2, 2, 3, 3, 3, 5, 5)

L03 Tradución multimedia (5, 8, 8, 9, 8, 12, 13)

L04 Literatura, lingüística e tradución (4, 3, 4, 4, 4, 4, 4)

L05 Socioloxías da tradución e a comunicación; aproximacións cualitativas e técnicas de análise cuantitativas (10, 5, 4, 4, 4, 6, 7)

L06 Teoría e historia da comunicación. Comunicación de servizo público (13, 14, 13, 10, 11, 11)

L07 Comunicación organizacional e relacións públicas (11, 16, 17, 13, 17, 18, 22)



Tal e como se desprende das cifras anteriores, as liñas 1, 6 e 7 manteñen ao longo dos distintos cursos académicos unha porcentaxe entre o 10 % e o 35 %. As liñas restantes, relacionadas principalmente coas literaturas, lingüística e tradución (salvo a 5), para chegar ao mesmo nivel de captación de estudantes é necesario sumalas. Consciente desta situación, tras a consecuente reflexión e seguindo as recomendacións do informe de renovación da acreditación, na modificación substancial da memoria de 2024 propúxose unha reorganización das liñas do programa, na que se manteñen as liñas 1, 6 e 7 (modificando o nome de primeira), mentres que as liñas 2, 3, 4 e 5 se reagrupan en 2. Quedaría do modo que segue:

L01 Comunicación dixital e novos medios

L02 Comunicación organizacional e relacións públicas

L03 Teoría e historia da comunicación. Comunicación de servizo público

L04 Linguas, literaturas e sociedades

L05 Tradución e accesibilidade

A descripción das liñas e o cadro actual de profesorado do programa, agrupada en torno a elas, é a que segue:

L01 Comunicación digital y nuevos medios

Esta liña de investigación está orientada ao estudo das transformacións no ecosistema mediático a partir do impacto das tecnoloxías dixitais. Abórdanse cuestións como o estudo dos procesos de produción, distribución e consumo de contidos en contornas dixitais, así como as dinámicas socioculturais e económicas que emerxen na era da hiperconectividade. O enfoque desta liña abarca a análise de plataformas emerxentes, as dinámicas de interacción en redes sociais e o impacto das tecnoloxías dixitais na comunicación contemporánea.

Xabier Abuín Penas – [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Alberto Dafonte Gómez - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Susana Elisa Domínguez Quintás - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)

Osvaldo García Crespo - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Silvia García Mirón - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Beatriz Legerén Lago - [Videojuegos, Narrativa, Persuasión y Creatividad – VNPC](#) (IP)

Luis Xabier Martínez Rolán - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Daniel Martí Pellón - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)

L02: Comunicación organizacional y relaciones públicas

As liñas de investigación deste equipo inclúen: comunicación en/para as organizacións, campañas de publicidade, narrativa audiovisual, comunicación persuasiva, comunicación e saúde, comunicación institucional, protocolo, estratexias e técnicas de comunicación, comunicación internacional, comunicación intercultural, deseño gráfico, creatividade, *branding*, intelixencia artificial, planificación de medios, publicidade institucional, entretemento e lecer. Montserrat Vázquez Gestal - [Comunicación persuasiva \(CP2\)](#) (IP)

Vicente Badenes Pla - [Videojuegos, Narrativa, Persuasión y Creatividad – VNPC](#)

María Isabel Míguez González - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#) (IP)

Ana Belén Fernández Souto - [Comunicación persuasiva \(CP2\)](#)

Emma Torres Romy - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Juan Manuel Corbacho Valencia - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Julinda Molares Cardoso – [Videojuegos, Narrativa, Persuasión y Creatividad – VNPC](#) (IP)

L03: Teoría e historia da comunicación. Comunicación de servizo público

As liñas de investigación deste equipo inclúen: comunicación en/para as organizacións, campañas de publicidade, narrativa audiovisual, comunicación persuasiva, comunicación e saúde, comunicación institucional, protocolo, estratexias e técnicas de comunicación, comunicación internacional, comunicación intercultural, deseño gráfico, creatividade, branding, intelixencia artificial, planificación de medios, publicidade institucional, entretemento e lecer. Comunicación pública. Medios e opinión pública

Teoría e historia da comunicación: documentación computerizada, innovación comunicativa

Estudios culturais e de xénero desde a comunicación: conectividade, integración

Ana Mª Amorós Pons – CS2 - Comunicación audiovisual

Montse Doval Avendaño - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)

Aurora García González - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)(IP)

Beatriz Martínez Rodríguez - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)

Diana Ramahí García - [Investigación en comunicación para o servizo público - SEPCOM](#)

Mercedes Román Portas - [Grupo de investigación en comunicación \(CS1\)](#)

L04: Linguas, literaturas e sociedades

O equipo desta liña ten como obxectivo principal explorar as interaccións entre linguas, culturas e dinámicas sociais desde unha perspectiva interdisciplinar. As liñas de traballo abordan temas clave como a didáctica e a historiografía das linguas estranxeiras, a transmisión lingüística en contextos multilingües, a retórica e a linguaxe publicitaria e a análise do discurso nas narrativas audiovisuais. O labor deste equipo inclúe tamén a exploración da literatura e a tradución, prestando especial atención á literatura infantil, xuvenil e ás linguas de especialidade. Outra área de interese céntrase na análise da comunicación corporativa, na que se investiga o valor do patrimonio e a identidade das marcas. Mediante o uso de técnicas cuantitativas e a análise de corpora, proporciónase unha visión integral sobre a representación lingüística e cultural en contextos educativos, empresariais e mediáticos. A investigación realizada polo equipo busca contribuír ao coñecemento da diversidade lingüística e cultural, fomentar a reflexión crítica sobre os procesos comunicativos e culturais e propoñer solucións innovadoras aos desafíos aos que se enfrontan as sociedades contemporáneas no ámbito da linguaxe e a comunicación.

María Jesús Barsanti Vigo – [Enseñanza y Aprendizaje de Lenguas Extranjeras. Historia y Presente \(EyALE.HyP\)](#)

María José Corvo Sánchez - [Enseñanza y Aprendizaje de Lenguas Extranjeras. Historia y Presente \(EyALE.HyP\)](#)

Benigno Fernández Salgado- [Alta Minorización e Reprodución Lingüística no Suroeste Europeo \(AMRELSR\)](#)

José María Chamorro Rivas

María del Pilar García Soidán - [SC7 – Antenas, radar y comunicaciones ópticas](#)

L05: Tradución e accesibilidade

O equipo de Tradución e accesibilidade investiga nas liñas relacionadas coa tradución especializada (científico-técnica, xurídica, económica, literaria, audiovisual), a tradución para o ensino e a divulgación, a didáctica da tradución, a socioloxía da tradución e a accesibilidade (subtitulado para persoas xordas, audiodescripción para persoas invidentes, lectura fácil, linguaxe sinxela, producións accesibles).

Jorge Díaz Cintas (University College of London)

Marta García González - [ESTILOS - Estudios de Tradución, Interpretación, Linguas Orais e Signadas](#)

Carlos Garrido Rodrigues

María Lourdes Lorenzo García - [AI1 – TALES: Translation Accessibility, Literature, and Screen](#)

Ana María Pereira Rodríguez - [AI1 – TALES: Translation Accessibility, Literature, and Screen](#) (IP)

Pablo Romero Fresco – [GALMA - Galician Observatory for Media Accessibility](#) (IP)

Beatriz María Rodríguez Rodríguez - [AI1 – TALES: Translation Accessibility, Literature, and Screen](#)

Maite Veiga Díaz - [ESTILOS - Estudios de Tradución, Interpretación, Linguas Orais e Signadas](#)

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa cumpre en todos os seus aspectos o establecido na memoria de cara a unha axeitada supervisión do estudantado e das súas actividades formativas. Cada persoa conta cun titor/a que lle axuda durante o primeiro trimestre do primeiro curso, particularmente nas cuestións administrativas e académicas. Cada doutorando/a fai unha proposta de director/a, que logo é revisada e aprobada pola CAPD, que supervisa a súa actividade investigadora cara á realización da tese doutoral, así como as tarefas e actividades implicadas neste proceso. As tutorizacións na primeira fase, e logo as direccións, dan aos doutorandos/as a orientación necesaria sobre as accións formativas que deben desenvolver.

Paralelamente, existe un sistema de coordinación de cursos, organizado a través dun espazo de coordinación da plataforma de teledocencia Moovi e xestionado polo equipo de coordinación do programa (coordinadora e secretaria da CAPD). Faise un seguimento da asistencia do alumnado ás actividades presenciais, a través do control da propia asistencia, e das actividades virtuais a través de entregas de exercicios e encomendas específicas.

Cada ano, os alumnos deben participar nunha serie de actividades que se detallan a continuación.

PRIMEIRO ANO

1) Seminario de presentación de liñas de investigación

Ten lugar cada curso académico no mes de novembro. Nesta actividade presencial e de asistencia controlada dáselle a benvinda ao estudantado do primeiro ano, faise a presentación do propio programa (características, equipo humano, actividades formativas e recursos dispoñibles, así como procesos e normas da propia universidade) e danse a coñecer as liñas de investigación, coa participación do profesorado do programa das diferentes liñas.

A información exposta neste seminario ponse á disposición do alumnado na plataforma de teledocencia Moovi, xunto co horario de tutorías de cada docente, para que poidan facer todas as consultas e entrevistas necesarias durante os meses de novembro e decembro, cara á elección da súa liña definitiva de investigación e a elaboración da súa proposta de dirección, que enviará a CAPD para a súa revisión e aprobación.

2) Seminario de metodoloxía da investigación

Este seminario consta de varias actividades nas que se trata de abarcar tres tipos de contidos ligados coa investigación: localización e xestión da información científica, metodoloxía cuantitativa e metodoloxía cualitativa. A primeira actividade que se desenvolve (no primeiro cuatrimestre) é un curso sobre información científica, que dinamiza e controla, a través da plataforma de teledocencia, o persoal da Biblioteca da Uvigo. Está personalizado para o noso estudantado e centrado nos ámbitos da comunicación e a tradución. Traballase a busca e xestión de bibliografía, o proceso de elaboración dunha investigación, así como o proceso de redacción da mesma.

Outras actividades formativas para os estudantes durante o seu primeiro ano son:

Seminario de metodoloxía da investigación en comunicación (Dra. Adriana Veloso de Oliveira, ISCAP) – para estudantado do ámbito da comunicación (1º cuatrimestre)

Seminario de metodoloxía da investigación en tradución e interpretación (Dr. Josep Marco Borillo, UJI) - para estudantado do ámbito da tradución (1º cuatrimestre)

Revisións sistemáticas da literatura en teses de doutoramento: scoping reviews (Dr. Lluís Codina, UPF) (2º cuatrimestre)

Perspectiva de xénero na investigación (Dra. Lupe Romero, UAB) (2º cuatrimestre)

O estudantado elabora e sobe un resumo do contido de cada seminario á tarefa correspondente da plataforma de teledocencia.

3) Primeira presentación e avaliación do plan de investigación

Coa supervisión do director, cada estudante elabora o seu plan de investigación (proxecto de tese) no que detalla o contido, metodoloxía, referencias, recursos e planificación temporal, entre outros aspectos. A Universidade de Vigo establece que o alumnado elabore o plan a través da Secretaría Virtual. Unha vez cumprimentado o plan nesta plataforma, debe revisalo o director e, cando conta co seu informe favorable, sométese á aprobación da CAPD.

Nesta fase tense detectado nalgúñas ocasións a necesidade de incorporación dun codirector.

O plan de investigación é de grande importancia para o alumnado, xa que marca o inicio do seu percorrido investigador, ademais de que a súa aprobación é un requisito para optar a determinadas becas predoutorais (Xunta, Ministerio, etc.), polo que é básico rematar todo este proceso no mes de xaneiro, incluíndo se é posible a incorporación de codirector, de ser o caso.

Ao remate do primeiro ano, o estudantado presenta e debate, de xeito presencial, cun tribunal e varios compañeiros/as doutorandos/as o seu plan de investigación.

SEGUNDO ANO

5) Seminario permanente de investigación

Trátase de varios seminarios que se desenvolven entre os meses de febreiro e maio, centrados en cuestións máis puntuais, por exemplo:

- Redacción de artigos académicos (Dra. Patricia Rodríguez Inés, UAB).
- Multilingüismo no cine: percepción de identidade (Dra. Carmen Gómez Pérez, UCM).
- Como sentar as bases dunha idea para que se converta en proxecto de investigación (Dra. Beatriz Feijoo, UIR).

O estudantado elabora e sobe un resumo do contido de cada seminario á tarefa correspondente da plataforma de teledocencia.

6) Xornadas de doutorandos/as.

Trátase dunha acción formativa, a modo de congreso, na que se trata de que o estudantado se familiarice co funcionamento de este tipo de eventos. Cada doutorando/a presenta unha comunicación relacionada co seu proxecto de tese e debe elaborar unha versión final deste traballo, cara a súa publicación nas Actas das Xornadas, que cumpra as normas establecidas polo equipo organizador.

Cada curso académico, a partir da implantación do 3º ano do programa, realizáronse estas xornadas ao final do segundo cuatrimestre e elaboráronse as actas, que foron publicadas a modo de monografía, con ISBN e depósito legal, co apoio para a súa edición do Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo. O curso 2024-2025 celebráronse as XI Xornadas de doutorandos/as do programa de Comunicación e publicáronse as actas correspondentes.

7) Segunda presentación e avaliación do plan de investigación

Ao remate do segundo ano, o estudantado presenta e debate, de xeito presencial, con un tribunal e varios compañeiros/as doutorandos/as os avances do seu proxecto de tese e presenta as actividades formativas realizadas.

TERCEIRO ANO

8) Iniciación á investigación

Cada estudante deberá realizar unha das seguintes accións formativas:

Presentación dunha comunicación nun congreso da especialidade, supervisada e avalada polo seu director/a

Redacción e entrega, para a súa avaliación nunha publicación especializada, dun artigo de investigación orixinal, supervisado e avalado polo seu director/a

Estandía de investigación dun prazo mínimo de 1 mes (prazo recomendado de 3 meses), nun centro especializado, con memoria de resultados, supervisada e avalada polo seu director/a e pola persoa responsable no centro de acollida.

9) Terceira e sucesivas presentacións e avaliacións do plan de investigación

Ao remate do terceiro ano, o estudantado presenta e debate, de xeito presencial, cun tribunal e varios compañeiros/as doutorandos/as do traballo levado a cabo cara á finalización da súa tese doutoral ou para solicitar a prórroga do prazo dispoñible.

En todas as presentacións dos plans de investigación os tribunais encargados elaboran unha acta para avaliar a presentación de cada doutorando/a, na que fan constar as observacións e recomendación feitas e a súa valoración (Apto, Non Apto ou Non presentado).

As actividades indicadas anteriormente son obrigatorias para os alumnos do programa, de xeito que teñen que completar e superar todas elas como requisito previo á solicitude de admisión a trámite da súa tese. Cada curso académico, os alumnos poden incorporar as actividades realizadas no seu Documento de Actividades, a través da Secretaría Virtual. A CAPD é o órgano encargado da aprobación do Documento de Actividades de cada estudante, para o que revisa os rexistros, actas e outra información dispoñible, ademais de contar co informe do director encargado en cada caso.

Ademais das actividades formativas do programa, a EIDO oferta actividades de formación transversal: <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/programas-doutoramento>.

Así mesmo, o programa observa estritamente todos os requisitos establecidos pola EIDO para a solicitude das prórrogas e para a admisión á trámite das teses, tanto no que respecta á verificación de todas as actividades formativas propias e externas desenvolvidas polo estudantado (aprobadas sempre en tempo e forma pola CAPD) como á aprobación da defensa da tese e do tribunal proposto para a citada defensa.

Os resultados de satisfacción do estudantado en relación coas actividades formativas son de 5 (alumnado de 1º) e 4,8 (alumnado de 3º), ambos superiores ao total da EIDO (4,45 e 4). Estes valores considéranse moi satisfactorios e reflicten o compromiso do profesorado do programa coa supervisión dos seus doutorandos e doutorandas.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

N/A

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No informe final de avaliación para a renovación da acreditación do 29 de abril de 2021 facíanse tres recomendacións xerais:

- a) incentivar a dirección de teses doutorais en todas as liñas do programa, debido a que algunhas presentaban problemas para captar doutorandos, por iso é polo que o programa estaba a valorar a reorganización das súas liñas de investigación (AM2).
- b) potenciar as actividades de mobilidade de estudantado e profesorado e incrementar o número de proxectos competitivos de investigación (achegábase un único proxecto cuxa IP era docente do programa) e reforzar as sinerxias entre as diferentes áreas de coñecemento e grupos de investigación do programa (fomentar codireccións).

Con respecto á primeira recomendación, tal e como se indicou no punto 1.2, na solicitude de modificación substancial da memoria (2024) propónse unha reorganización das liñas do programa, na que se manteñen as 3 liñas que, desde a implantación do título e ata a data, viñeron mantendo unha captación estable de estudantado, mentres que as 4 liñas restantes se reagrupan en 2. Con este cambio espérase conseguir un equilibrio entre as distintas liñas que conformarán o título e péchase unha das accións de mellora propostas.

Por outra banda e en canto á segunda recomendación, co fin de potenciar as actividades de mobilidade de estudantado e profesorado, a CAPD fomentou entre o cadro de docentes a apertura de convenios. Así, no curso 2023-2024, abriuse un coa Universiteit Antwerpen (B ANTWERP01, Bélxica), co programa de doutoramento Translation Studies, no que se contemplan 4 especializacións: estudos de tradución, estudos de interpretación, accesibilidade aos medios e estudos interculturais. Nel contémpanse 3 prazas de PDI e 2 para estudantes. O doutoramento de Comunicación recibiu a un doutorando do devandito programa durante o curso 23-24 na FFT.

Ademais, as facultades de Comunicación e de Filoloxía e Tradución estableceron un número importantísimo de convenios nacionais (SICUE) e internacionais (ERASMUS, ISEP e de países extracomunitarios), que tenden pontes de colaboración académica e permiten o intercambio de profesores e estudantes.

Aínda que os convenios ERASMUS priorizan os intercambios no nivel de grao, todos son ampliables a terceiro ciclo e, de feito, boa parte deles xa inclúe esa posibilidade. A lista de convenios está en actualización permanente. Con ese conxunto de convenios, dotados con bolsas nas correspondentes convocatorias (Erasmus e propias), consideramos que o programa dispón dun catálogo de destinos suficiente para cubrir as necesidades relacionadas coa opción da actividade formativa «Iniciación á investigación» e, en xeral, coa vontade de fomento da mobilidade. Desta maneira, favorécese a presenza de doutorandos/as e docentes doutros países nas actividades propias e facilítase o desprazamento do noso profesorado e estudantado a efectos da súa formación continua e especialización.

Incentivarase a mobilidade dos doutorandos/as, á marxe de que unha parte deles escolla esta opción para a actividade formativa do terceiro ano. O programa tentará para iso promover o uso dos recursos dispoñibles en cada momento (bolsas, axudas, vinculación a proxectos de I+D), así como aumentar, tal e como se empezou xa facer no curso 23-24, convenios de colaboración axustados ao perfil científico-académico.

Entre as universidades nas que o estudantado do Programa de Comunicación realizou a súa estancia de investigación de terceiro ano atópanse as seguintes: Centre for Translation Studies (CENTRAS) do University College London (RU); Centre for Research in Translation and Transcultural Studies da University of Roehampton (RU); Department of Media, Culture and Language da University of Roehampton (RU); Instituto de Ciencias Sociais e Humanidades da Universidade Autónoma do Estado de Hidalgo (México); Escola de Comunicación Social (EOMS) da Politécnica Universidade Católica do Ecuador (#Ecuador); Audiovisual Translation Research Lab (Institute of Applied Linguistics) da University of Warsaw (Polonia); Tecnolóxico de Monterrey (México), Centro de Estudos Anglísticos da Universidade de Lisboa (Portugal); University of California (EE.UU.); Universidade de Aveiro (Portugal); Universidade de Trás-mónsvos- e Alto Douro (Portugal), Universidade Técnica Particular de Loja (#Ecuador) e a Universidade Católica Portuguesa de Lisboa (Portugal).

En canto á terceira recomendación xeral que se facía, incrementar o número de proxectos de investigación competitivos, cuxos IP pertencían ao cadro docente do programa, nos últimos cursos académicos, esta cifra, sen dúbida, incrementouse exponencialmente, tal e como se pode comprobar na información dos distintos grupos de investigación, arriba indicada e nas táboas do programa.

Por outra banda, no informe final de avaliación para a renovación da acreditación do 29 de abril de 2021 facíanse recomendacións específicas que, no caso do criterio 1 (organización e desenvolvemento), eran as seguintes:

- A) Mellorar e organizar un maior número de actividades formativas síncronas da modalidade seminarios metodolóxicos que posibiliten a interacción do estudiantado entre si e co profesorado e investigadores egresados (AM1).
- B) Valorar a actualización da memoria a través dun proceso de verificación para revisar a oferta do número de prazas de novo ingreso (reducila a 15), reorganizar liñas de investigación, actualizar datos do profesorado e axustar indicadores dos resultados de aprendizaxe.

O contexto da primeira recomendación, aspecto que no informe final para a renovación da acreditación figura como de obrigado cumprimento, é o seguinte: no curso 2013-2014, os seminarios incluídos nas actividades formativas «Seminario de metodoloxía da investigación» e «Seminarios de investigación» impartíronse presencialmente por expertos doutras universidades (metodoloxía cualitativa (Dr. Marco, UJI e Dr. Soriano, UAB), metodoloxía cuantitativa (Dr. Urchaga)). Estas sesións foron gravadas pola UVigo-TV e constitúen o material para realizar estas actividades formativas. O estudiantado visionabaas e elaboraba resumos, que subía a unha tarefa da plataforma de teledocencia e que eran supervisados e corrixidos pola coordinación do programa.

A partir do curso 2022-2023, a CAPD decidiu levar a cabo anualmente unha serie de actividades formativas síncronas, que tamén se gravan. Deste xeito, renóvase o contido destas dúas actividades formativas, nútrese o repositorio de materiais do programa, e foméntase a interacción de estudiantado, profesorado e expertos. Son as seguintes:

2022-2023

Revisións sistemáticas de la literatura en tesis doctorales: scoping reviews (Dr. Codina, UPF)

Cómo sentar las bases de una idea para que se convierta en proyecto de investigación (Dra. Feijoo, UNIR)

Perspectiva de género en la investigación en traducción y comunicación (Dra. Romero, UAB)

Multilingüismo en el cine: percepción de identidad (Dra. Gómez, UCM)

Metodología de la investigación en traducción (Dr. Marco, UJI)

2023-2024

Metodología de la investigación en comunicación (Dra. Veloso, ISCAP)

Redacción de artículos académicos (Dra. Rodríguez, UAB)

Para o curso 2024-2025, estanse a preparar tres seminarios sobre novas ferramentas de investigación, IA aplicada á investigación e investigación en servizos de accesibilidade.

Ademais, nas xornadas de doutorandos/as, actividade celebrada ao final do curso académico, convídase a persoas doutoradas o curso anterior para que expoñan a súa experiencia e interactúen cos futuros doutores. Os egresados convidados os últimos cursos académicos e as súas charlas foron as seguintes:

2021-2022

Miguel Filipe de Sousa Santos (Dr. 2021)

Wars of Words: the European refugee crisis seen through a corpus-based discourse analysis approach

Mercedes Martínez Lorenzo (Dra. 2021)

A transferencia da investigación á sociedade: guía de subtitulado inclusivo en galego. Indicacións técnicas e lingüísticas para subtitular nunha lingua minorizada.

2022-2023

Tania Sueiro Graña (Dra. 2023)

Publicidade retro no século XXI. Marcas que recuperan o pasado.

2023-2024

Jorge Pacheco (Dr. 2022)

Proceso doutoral: un percurso de estudo, dedicación, choro e alegría, com cerveja e muita lealdade realizada por um indivíduo da geração X que escolheu Espanha como sua primeira opção para este percurso.

Jesús Meiriño (Dr. 2023)

A metáfora na tradución do inglés cara ao español: recollida e análise de datos na investigación en Comunicación.

O EPD 4 recolle evidencias de todas as actividades mencionadas nos parágrafos anteriores.

En canto á segunda recomendación, efectivamente, o programa de Doutoramento en Comunicación está inmerso nun proceso de modificación substancial, no que se reorganizaron as liñas de investigación, tal e como se expuxo arriba, procedeuse a actualizar a información relativa ao profesorado, que ao longo dos últimos anos experimentou alta e baixas, e actualizáronse datos e indicadores. Con todo, unha vez analizados os datos de matrícula e tendo en conta as previsións futuras, non se revisou á baixa o número de prazas de novo ingreso, que se decidiu manter en 20.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A páxina web da Universidade de Vigo ten unha sección dedicada especificamente aos estudos de doutoramento: <https://www.uvigo.gal/doutoramento>.

En concreto para os estudos de doutoramento, a Universidade de Vigo publica a convocatoria de admisión e matrícula, os calendarios dos distintos procesos de xestión académica, así como outra normativa de aplicación, na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-doutoramento>.

A oferta de programas de doutoramento na Universidade de Vigo difúndese a través da páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO):

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/programas-doutoramento>

Nesta páxina da EIDO atópase a relación de programas de doutoramento que constitúen a oferta actualizada de terceiro ciclo da universidade. Inclúese información relativa á denominación formal do programa de doutoramento, carácter do programa (propio ou interuniversitario, indicando neste último caso as universidades participantes e a universidade coordinadora), información relativa ás condicións de acceso e admisión no programa de doutoramento, liñas de investigación que se desenvolven no programa, datos de contacto do/ do coordinador/a, memoria de verificación do programa de doutoramento e a ligazón á información propia de cada programa de doutoramento.

Tamén pode atoparse información sobre:

- As condicións, procedementos e prazos para a tramitación da defensa da tese doutoral establecidas no Regulamento de Estudos de Doutoramento da universidade
- As etapas para a presentación da tese doutoral para a súa defensa (procedementos, impresos e prazos)
- As teses doutorais en depósito
- Os actos de defensa pública das teses
- A convocatoria anual de Premios Extraordinarios de Doutoramento.

A información sobre os informes e os resultados está dispoñible no [Portal de Transparencia](#) da UVigo. En particular, pode atoparse información sobre:

- [Resultados académicos](#) e de [investigación e transferencia](#)
- [Resultados do profesorado](#)
- [Resultados de mobilidade](#)
- [Resultados de satisfacción](#)
- [Resultados de inserción laboral](#)

Este programa dispón de sitio web institucional (<https://comunitrad.webs.uvigo.es>), no que se mostra información relevante. A través das redes sociais das dúas facultades participantes no programa e da propia universidade tamén se difunde esta información. Ademais, o enderezo de correo electrónico comunitrad@uvigo.es utilízase para a recepción e resolución de consultas específicas das persoas interesadas non programa. En xeral, as cifras anuais de matriculados (19 curso 2022-2023; 15 curso 2023-2024; 19 curso 2024-2025) suxiren que as actividades de difusión do programa que se fan son suficientes para garantir a captación dun número de doutorandos/as próximo ao número máximo de prazas ofertadas (20).

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporciona a Universidade fundamentalmente pola páxina WEB (eido.uvigo.es), na que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e ás aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

A Universidade de Vigo conta con diversos sistemas de información, atención, apoio e orientación ao alumnado, tanto de carácter institucional ou comúns a todos os estudantes como específicos do ciclo de doutoramento:

- Institucionais:

- Sección de Información ao Estudante (SIE): Servizos de asesoramento aos estudantes, que informan os estudos e as súas saídas profesionais, o réxime de acceso e permanencia de estudantes na universidade, os dereitos do alumnado e o modo de exercelos e/ou reclamálos, bolsas, axudas e premios convocados, o Seguro Escolar, prazas en residencias universitarias, ou calquera outro aspecto relativo á vida universitaria.

(<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/te-asesoramos>)

- Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos: Información, xestión, tramitación e resolución das bolsas e axudas ao estudo destinadas ao alumnado da Universidade de Vigo, e en concreto das convocatorias xerais do MECED, as propias da universidade, así como das bolsas de formación convocadas pola Universidade de Vigo. Ademais, encárgase da información e da tramitación dos procedementos de xestión de prezos públicos relativos á vida académica do alumnado.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-axudas-estudo-bolsas-prezos-publicos>)

- Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN): Atención á diversidade para prestar apoio aos membros da comunidade universitaria necesidades educativas específicas. Inclúe os servizos dun Gabinete Psico-Pedagóxico.

(<https://www.uvigo.gal/es/campus/atencion-diversidade>)

- Atención á Diversidade: Para que todas as persoas poidan desenvolver a súa vida universitaria de forma plena, independentemente da súa nacionalidade, relixión, orientación sexual, xénero, capacidade funcional ou situación socioeconómica.
- Oficina de Relacións Internacionais (ORI): Facilita información relevante e asesoramento sobre programas e normativa de mobilidade, tanto para o alumnado que desexe cursar estudos ou realizar estancias de investigación noutras universidades como para o alumnado que procede doutras universidades e outros países que vaia a continuar a súa formación na nosa universidade.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-persoal/organizacion-administrativa/oficina-relaciones-internacionais>)

- Centro EURAXESS (Programa de Investigadores Visitantes): Facilita información relevante e asesoramento sobre programas e normativa de mobilidade para persoal investigador R1 (estudantes predoutorais) que desexe realizar estancias de investigación noutras universidades nacionais ou internacionais como para aquel persoal investigador R1 desexe realizar unha estancia de investigación na Universidade de Vigo.
- En canto aos investigadores/as predoutorais rexistrados como investigadores/as visitantes deberán, ademais, formalizar a súa matrícula na Universidade de Vigo nun Programa de Doutoramento concreto ou no programa xenérico da EIDO (no caso de que non atopen dentro da oferta de programas de doutoramento da Universidade de Vigo unha liña de investigación afín a aquela en que están a traballar) baixo a modalidade de matrícula de «Estadía» polo tempo da súa duración, excepto aqueles cuxa estadía sexa inferior a un mes.

(<https://www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/persoal-investigador-visitante>)

- Biblioteca: Dá soporte á docencia, aprendizaxe, investigación e formación integral do alumnado e do profesorado e, en xeral, de todas as persoas. Facilita o acceso e a difusión dos recursos de información, xestionan espazos, equipamentos e servizos, e colaboran nos procesos de transformar a información en coñecemento.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/biblioteca>)

- Unidade de Emprego e Emprendemento: Orienta e facilita, en colaboración con administracións, empresas e outras institucións, o acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emprego-emprendimiento>)

- Centro de Linguas: Ofrécese formación en cinco idiomas estranxeiros (inglés, francés, portugués, alemán e italiano) e de español para estranxeiros. Imparten cursos xerais, intensivos e cursos de conversación de duración trimestral, que están homologados pola ACLES e recoñecidos academicamente como competencias transversais propias da universidade. A formación está dirixida a alumnado (incluído o estranxeiro), persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e á sociedade en xeral (<https://cdl.uvigo.es>)
- Talleres e outros cursos: Oferta de formación complementaria ao alumnado, co obxectivo de promover o desenvolvemento de habilidades e destrezas complementarias ao currículo.

(<https://www.uvigo.gal/es/campus/cultura/talleres-otros-cursos>)

- Vida no campus: Adicionalmente, a Universidade de Vigo dispón de servizos de información e apoio en relación coa vida no campus (Igualdade, Cultura, Voluntariado e Cooperación, Asociacionismo, Convivencia, Deporte, Saúde e Benestar, Medio e Sustentabilidade, Conectividade, Emerxencias).

(<https://www.uvigo.gal/es/campus>)

- Delegacións de estudantes: Formadas, polo menos, polas persoas que son representantes do alumnado do centro nos órganos de goberno da universidade.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/gobierno-uvigo/democracia/participacion-alumnado/delegaciones-estudiantes>)

- Valedoría Universitaria: É un órgano creado para velar polos dereitos de toda a comunidade universitaria: estudantes, persoal docente e investigador, e persoal de administración e servizos.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/gobierno-uvigo/defensoria-universitaria>)

- Específicos (ciclo de doutoramento):

- Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao: proporciona apoio administrativo á Escola de Doutoramento, elabora as instrucións de matrícula e admisión e coordina os seus procedementos, resolve as incidencias, coordina a xestión administrativa e información das Áreas Académicas de Posgrao (AAP), dá apoio aos procedementos de tramitación das teses doutorais, e xestiona e expide os títulos de doutoramento e outros documentos relacionados.

(<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-gestion-estudios-posgrao>)

- Áreas Académicas de Posgrao (AAP): Proporcionan apoio administrativo aos programas de doutoramento do seu ámbito, e son responsables das actividades de atención, información a doutorandos/as, e xestionan os expedientes no seu ámbito.

Os resultados de satisfacción do programa de Comunicación en relación coa(s) web(s) e a información pública son de 4,7 (alumnado de 1º) e 4,3 (alumnado de 3º); ambos os dous valores son superiores ao total da EIDO (3,8 e 3,9). A CAPD valora estes resultados de maneira positiva.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a estratexia da Eido (política e os obxectivos de calidade), e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido.
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de

verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aspectos xerais do SGC (Deseño e desenvolvemento):

A información do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EIDO da Universidade de Vigo está dispoñible na ligazón

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidad>

O SGC de doutoramento da EIDO é un sistema centralizado e institucional, isto é, xeneral de toda a Universidade de Vigo para o ciclo de doutoramento, ao que están adscritos todos os programas de doutoramento da universidade, dirixido e xestionado desde a Dirección da EIDO, en colaboración con outros servizos de soporte (Área de Calidade, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao). O seu deseño está certificado desde xullo de 2019, momento no que recibiu informe favorable da axencia de calidade competente (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG).

O [Manual de Calidade](#) é un documento de carácter organizativo, de comunicación e estratéxico, que inclúe, ademais, a Estratexia da EIDO, as súas liñas estratéxicas e obxectivos e metas asociadas (política e obxectivos de calidade). Tamén, describe a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade. Ademais, precisa o mapa de procesos de funcionamento do SGC e os procedementos que os describen, con indicación das responsabilidades e competencias, actividades, indicadores de medición e rexistros e evidencias asociadas a cada proceso. O SGC permite analizar o desenvolvemento dos programas de doutoramento e os seus resultados, asegurando a súa revisión e mellora continua.

• Fase de deseño 2017-2020: Elaboración e aprobación da documentación

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento. O deseño do SGC desenvolveuse, formalmente, ao longo dos anos 2017 e 2018, seguindo as directrices do Programa FIDES-AUDIT (ACSUG). A UVigo constituíu un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén, ata o de agora, reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver e mellorar a estrutura, a documentación e os procesos de calidade.

A Comisión de Calidade da EIDO, constituída o 27.04.2017, validou este deseño o 14.12.2018 e o Comité de Dirección da EIDO, máximo órgano de responsabilidade, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018.

Trala avaliación da documentación enviada, a ACSUG remitiu un Informe de certificación do deseño do SGC o 30.07.2019 con resultado FAVORABLE, polo que a EIDO convertíase deste xeito na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar unha certificación de calidade. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

O deseño e o desenvolvemento do SGC da EIDO garanten os mecanismos e procesos que permiten supervisar o desenvolvemento do programa de doutoramento. Para iso dispón de procedementos que permiten:

- O deseño, aprobación, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
- A garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no estudantado.
- O correcto desenvolvemento dos programas de mobilidade.

- A análise dos resultados académicos, de satisfacción dos distintos colectivos implicados nos programas (doutorandos/as, profesorado, egresados/as), incluídos os derivados do sistema de queixas, suxestións e felicitacións (Sistema QSP UVigo), e de inserción laboral.
- A transparencia e rendición de contas aos axentes interesados no programa de doutoramento, incluída a publicación regular de información sobre os programas, o seu desenvolvemento e os seus resultados.
- O seguimento dos/as doutores/as egresados/as.
- No caso dos programas nos que participe máis dunha universidade, a dispoñibilidade de mecanismos e procedementos que aseguren a coordinación entre as universidades participantes.

• **Fase de implantación 2021-2024:** Aplicación xeneralizada e progresiva

O desenvolvemento dos procesos de calidade está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA). Os resultados dos informes de avaliación das axencias de calidade (ACSUG no SUG e outras fóra do SUG) sobre a verificación, seguimento, modificacións e renovación da acreditación dos programas permiten recoñecer as súas boas prácticas e ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa acreditación cíclica e a satisfacción dos grupos de interese.

Rematada a fase de deseño, a previsión da implantación efectiva do SGC programouse para comezar no curso 2020/21. O obxectivo desta fase consiste en aplicar o deseño aprobado ás actividades diarias do ciclo de doutoramento, isto é, da xestión da EIDO e dos seus programas de doutoramento. A estratexia da EIDO, formalizada na súa Política e Obxectivos de Calidade aprobados en 2020, establecía como un dos seus obxectivos de calidade a certificación da implantación para 2021/22. Porén, a situación pandémica Covid-19 e a falta de directrices específicas para as escolas de doutoramento adiou todo o proceso.

A implantación programada incluía, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- Funcionamento operativo de todos os procesos (este xa se iniciara, nalgúns casos, de xeito previo a 2020)
- Funcionamento pleno e regular da Comisión de Calidade da EIDO
- Soporte aos procesos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos programas
- Formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudantado
- Reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

Para retomar e reconducir esta situación, a Comisión de Calidade da EIDO e despois o Comité de Dirección, aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC [Anexo 03_1]. Esta implantación programouse para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2024. Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para certificación: obxectivo fin 2024 Acreditación institucional

A nova Estratexia da Eido 2022/2026, aliñada co Plan Estratéxico 2022/2026 da UVigo, foi informada na Comisión de Calidade do 20.09.2022 e aprobada no Comité de Dirección do 20.12.2022. Inclúe agora:

-unha declaración da misión e da visión

-as liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade

-os obxectivos de calidade revisados e actualizados, coas metas anuais programadas

Esta estratexia inclúe, ademais, de xeito transversal e por primeira vez, referencias e obxectivos relacionados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

• **Fase de mellora 2024-2025:** Actualización e mellora

Os cambios lexislativos e normativos (Lei 14/2011, da Ciencia, RD 822/2021, RD 640/2021, RD 576/2023 que modifica o RD 99/2021, Directrices REACU 2023 para acreditación institucional das escolas de doutoramento) e a experiencia adquirida durante a implantación dan lugar a unha actualización e mellora dos procesos do SGC, que está a desenvolverse, a través dun Plan de Calidade que abrangue o período 2024-2025.

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, Estratexia da Eido coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

1. Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto lévase a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación ou modificación dun programa;

2. recoller a información, medir os resultados alcanzados e contrastar co previsto na memoria, tanto en cada curso académico como en termos de tendencias (evolución en cada ciclo de acreditación), no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as*, *Medición da satisfacción*, *Xestión do persoal*, *Xestión de Queixas*, *Suxestións e Parabéns*..);

3. analizar esta información e tomar accións de mellora, a nivel do programa –na CAPD- (procedementos de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) como, de ser o caso, a nivel da Eido –dirección da Eido, Comisión de Calidade, Comité de Dirección- (procedemento de *Revisión do sistema pola dirección*). Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional.

En particular, a Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as enquisas de satisfacción de xeito cíclico. Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

- Estudantado, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas desde o 2015/16 ata 2023/24, cunha frecuencia anual

- Profesorado, con frecuencia bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018), 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20) e 2022 (cursos 2020/21 e 2021/22).

- PAS: realizada por primeira vez en novembro 2021, mediante grupo focais.

- Egresados: Coordinación co Observatorio de Egresados da UVigo do Consello Social para activar estudos de inserción laboral e a enquisa a egresados. Publicación, en **novembro** de 2022, do primeiro Estudo de inserción laboral de persoas tituladas en estudos de doutoramento, 1995-2020, e a partir de aí, con estudos anuais (2020/21 e 2021/22, este último aínda en elaboración)

Véxase comentarios específicos sobre a satisfacción e a inserción laboral na epígrafe 6.5.

4. publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>.

Todas estas actividades desenvólvense consonte o establecido, algunhas delas xa de xeito previo á implantación do SGC: seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias posteriores, coa elaboración dos correspondentes informes que integraban tanto a información e os resultados (evidencias e indicadores) como as decisións e melloras de xestión do programa de doutoramento.

Aplicación dos procesos de calidade no programa de doutoramento:

A CAPD analiza nas súas reunións periódicas os resultados acadados nas enquisas de satisfacción e dos estudos de inserción laboral elaborados polo Observatorio de Egresados do Consello Social e reflexiona sobre a necesidade de adoptar medidas de mellora dentro das actuación do propio programa o de solicitar a adopción destas medidas aos órganos correspondentes da universidade.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.)
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento contan con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (proceso *Dirección estratéxica*). Esa revisión, con frecuencia anual, está dirixida pola dirección da Eido, conta cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no procedemento *Revisión do Sistema*, e dá lugar aos plans de mellora que se consideren, coas súas responsabilidades e calendario de execución.

A primeira revisión pola dirección realizouse no curso 2020/21, dando lugar á primeira Memoria de Calidade da Eido.

Véxanse os comentarios respecto da revisión do SGC por mor de cambios legislativos e normativos na epígrafe 3.1 Fase de mellora.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, os procesos de deseño, de desenvolvemento e de implantación do SGC son altamente participativos. En particular, están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento, que interveñen sobre todo na revisión do sistema
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

De forma resumida, a estrutura organizativa e de responsabilidades de calidade e a documentación do SGC son as seguintes:

- Estrutura institucional de Calidade (transversal á Universidade de Vigo)

As funcións e responsabilidades institucionais básicas en relación coa calidade están determinadas nos Estatutos da universidade de Vigo, en coherencia coa LOSU 2/2023 e a Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia. Estas responsabilidades afectan tanto a órganos colexiados (Consello Social, Consello de Goberno, Comisión de Calidade institucional) como a órganos unipersoais (Reitor/a, vicerreitores/as con competencias en Calidade). Tamén, a área de Calidade dá soporte á estrutura institucional e á específica.

- Estrutura específica de Calidade da EIDO

As funcións e responsabilidades específicas están determinadas, sobre todo, no Regulamento de Réxime Interno da EIDO e no Manual de Calidade:

- Comité de Dirección

O Comité de Dirección é o órgano colexiado que realiza as funcións de organización e xestión da EIDO. O Comité de Dirección é o principal responsable do SGC dos seus programas de doutoramento e ten como funcións en materia de calidade a aprobación da estratexia (política) e os obxectivos de calidade, do manual de calidade e dos procedementos de calidade. Neste órgano forman parte colexiada os axentes implicados nos programas de doutoramento: profesorado, doutorandos/as, responsables académicos, persoal de apoio e outros axentes externos.

- Dirección da Eido

A persoa que desempeñe a dirección, asistida polo seu equipo de dirección, lidera, impulsa, coordina e supervisa as actividades da EIDO. O/A directora/a de a EIDO representa ao centro e é o máximo responsable en materia de calidade, preside a Comisión de Calidade da EIDO e garante a difusión da cultura de calidade, en relación coas CAPD e os servizos de apoio. Deseña a estratexia e os obxectivos de calidade. O equipo de dirección complétase coa secretaría académica e coas subdireccións que autorice o Consello de Goberno.

- Coordinación de Calidade

Unha das persoas do equipo de dirección terá o encargo da coordinación de calidade. A proposta de nomeamento correspóndelle ao/o Director/a de a EIDO. A súa misión principal será impulsar a implantación,

mantemento e a mellora dos distintos programas ligados á calidade na EIDO e nos programas de doutoramento, así como axudar á difusión da cultura de calidade, en relación cos responsables de calidade dos programas de doutoramento. É o secretario da Comisión de Calidade da EIDO.

- **Comisión de Calidade**

A Comisión de Calidade da EIDO é o órgano colexiado clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola e na dinamización da xestión de calidade na EIDO. A comisión ten representación dos distintos grupos de interese na actividade da EIDO (dirección, profesorado e CAPD, doutorandos/as, servizos de apoio) e constitúese para:

- Debater e informar a estratexia da EIDO (política e obxectivos de calidade).
- Debater e validar o manual de calidade e os procedementos de calidade da EIDO. Aprobando os cambios nos documentos anexos aos procedementos (formularios, guías de apoio).
- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade da EIDO e dos seus programas de doutoramento adscritos, así como propor as melloras pertinentes.
- Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGC.
- Debater, propor e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da formación doutoral en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa da EIDO (verificación de novos programas, modificación e/ou suspensión ou extinción dos existentes, procesos de acreditación), dando a súa valoración e de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater e propor a participación da EIDO en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

O seu funcionamento está regulado no Manual de Calidade.

- **Comisión Académica do programa de doutoramento (CAPD)**

Cada CAPD é a responsable da definición, actualización, calidade e coordinación do seu programa de doutoramento. As comisións académicas articulan procedementos e mecanismos para supervisar o desenvolvemento do programa, analizar os resultados e determinar as actuacións oportunas para a súa mellora. A opinión dos doutorandos/as e egresados/as ha de ser un dos principais factores a tomar en consideración á hora de definir e implantar as melloras.

- **Responsable de calidade do programa de doutoramento**

Cada CAPD nomeará a unha persoa responsable en materia de calidade, que ten como funcións a de colaborar coa EIDO, e, en particular, coa persoa coordinadora de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade no programa.

Ademais do anterior, todo o persoal da EIDO cuxas funcións teñan relación cos procedementos do SGC, estarán implicadas na aplicación da estratexia (política e obxectivos de calidade), sendo cada unha delas responsable da implantación no seu campo de actividade específico. Tamén, os departamentos e os grupos de investigación forman parte da estrutura organizativa asociada.

Evidencias da cultura da calidade:

A cultura de calidade da Eido pode apreciarse en termos documentais (memorias de calidade da Eido e outros rexistros de calidade resultados da implantación dos procesos), estratéxicos (aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados) e de actividades de participación, sensibilización e formación e capacitación dos grupos de interese. Tamén, en termos de resultados e prestixio da Eido e dos seus PD.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:


- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como establece a Memoria do PD nos seus puntos 5.1 e 6, o profesorado continúa a ser plenamente cualificado, como demostra a información actualizada sobre proxectos de investigación, teses dirixidas e tramos de investigación acadados nos últimos anos obxecto de estudo.

En relación á experiencia do profesorado, esta está avalada por un número considerable de teses dirixidas e lidas nos últimos cinco anos.

Actualmente, os 34 profesores e profesoras do programa contan cun total de 67 tramos de investigación (27 deles vivos) e 3 tramos de transferencia, unha media de case 2 sexenios/profesor. A porcentaxe de sexenios vivos nos últimos cursos é de 69,44 % (19-20), 77,14 % (20-21), 76,47 % (21-22), 73,33 % (22-23) e 62,50 % (23-24). Este indicador baixou lixeiramente o último curso e ten a súa explicación na renovación do cadro de profesorado, no que se incorporaron novos docentes da facultade de Comunicación, dous deles sen sexenios, aínda que en breve estarán en condicións de pedilos.



Outro aspecto que evidencia a solvencia investigadora do profesorado do PD en Comunicación é o número de proxectos de investigación concedidos en convocatorias competitivas que neste momento se atopan en activo nos diferentes grupos, tal como o recolle o Anexo V, Táboa 3.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:


- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PDI do programa, nunha primeira fase (2013-2018), reduciuse dende o inicio do programa coa baixa de dúas persoas máis a xubilación doutras tres. Deste xeito, pasouse de 27 a 22.

Nunha segunda fase, dende 2020 a 2024, houbo un aumento de profesorado, fundamentalmente, para dar cabida a docentes da facultade de Comunicación que estaban en condicións de dirixir teses e continuar a súa carreira académica e, en menor medida, a docentes da facultade de Filoloxía (2). Así, o cadro pasou a estar formado por 34 persoas, máis que suficientes para atender a todo o alumnado, cunha ratio xeral profesor/a-estudantado inferior a 2.

Cómpre salientar, por outra banda, a existencia da figura do codirector/a, que contribúe a garantir o mellor atendimento e orientación para os doutorandos e doutorandas (9 teses en réxime de codirección dende 2019-2020 a 2023-2024).



Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses:

Para garantir un reparto coherente entre docentes e liñas de investigación, a coordinación do programa organiza a principios de cada ano lectivo unha xornada de presentación de liñas e de encontro entre os doutorandos/as de nova matrícula e o profesorado do programa. Antes desta xornada, facilítase aos doutorandos/as información sobre todo o profesorado e os seus principais eidos de traballo. Deste xeito, no encontro persoal os doutorandos/as teñen oportunidade de falar sobre os seus intereses investigadores co profesorado que lles resulta máis acaído. Cando algún doutorando/a non é quen de atopar un director/a de maneira directa, a CAPD encárgase de analizar a súa proposta de investigación inicial e de buscar a dirección máis axeitada dentro do programa e unha codirección externa que a complementa.

Os resultados de satisfacción en relación coa dirección e titorización das teses son 5 (alumnado de 1º) e 4,1 (alumnado de 3º). No primeiro caso supera os resultados da EIDO (4,5) e no segundo é lixeiramente inferior (4,5 o labor do titor/a e 4,4 o labor da dirección). Malia pequena diferenza cos valores globais da EIDO, a CAPD considera que os resultados son positivos.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Universidade de Vigo o labor de dirección de teses, a docencia en actividades formativas de doutoramento e a participación na organización de actividades de doutoramento considerase parte da actividade académica e incorpórase ao cómputo da súa dedicación ordinaria.

Este recoñecemento formalízase, por unha banda, na Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes do Profesorado, na que se establece anualmente unha redución persoal de docencia pola dirección de teses. As horas recoñecidas divídense entre o número de directores/as se as teses son codirixidas e redúcense á metade se están dirixidas fóra da Universidade de Vigo. Esta normativa pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/542>

Na práctica, a dirección única dunha tese na Universidade de Vigo ten un recoñecemento de unhas 30 horas, distribuídas nos 3 cursos académicos seguintes (10 horas/curso), o cal parece razoable.

Porén, o labor do titor/a non ten recoñecementos, por ese motivo, no PD en Comunicación faise coincidir a dirección de tese coa titorización dende o momento en que se fai a asignación de dirección e, até ese momento, a coordinación asume a titorización do estudantado.

Por outra banda, na elaboración da programación docente anual (PDA) da universidade, establécense horas de docencia en doutoramento en función das actividades formativas de cada programa. Esta oferta formativa xestiónase dende a EIDO a partir das propostas dos diferentes programas e asígnase a cada programa un número de horas por cada estudante de doutoramento de nova matrícula.

Por último, a Universidade de Vigo tamén establece un recoñecemento pola coordinación de programas de doutoramento que se computa por puntos para asegurar que non se producen desequilibrios orzamentarios. Este recoñecemento calcúlase cunha parte fixa por cada programa e unha parte variable que depende do número de alumnos de nova matrícula. As CAPD son as encargadas de asignar entre o profesorado as horas que lle corresponden a cada programa cando se elabora a PDA. A normativa que regula a elaboración desta pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/planificacion-docente-anual>

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analízase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorárase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Sete das 29 teses defendidas ao remate do ano 2024 foron traballos con mención internacional, que requiriron da participación de expertos/as internacionais no seu tribunal. Cómpre sinalar que o propio programa dispón dun investigador de recoñecido prestixio no eido da tradución audiovisual.

A porcentaxe de profesorado estranxeiro que codirixe teses foi en aumento nos últimos cursos: 8,3 % (19-20), 10,42 % (20-21), 11, 11 % (21-22), 18,64 % (22-23) e 18, 84 % (23-24). Tamén é significativa a porcentaxe de profesorado estranxeiro en tribunais de tese: 29,17 % (20-21), 22,22 % (21-22), 13, 33 % (22-23) e 11,11 % (23-24).

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (SXEP) proporciona apoio administrativo á Eido, coordina a xestión administrativa das Áreas Académicas de Posgrao (AAP), dá apoio á tramitación das teses de doutoramento e realiza as funcións atribuídas á administración dun centro en canto ao Sistema de Garantía de Calidade.

As AAP proporcionan apoio administrativo aos programas de doutoramento asignados (así como aos mestrados desa mesma área). Na actualidade hai seis destas unidades específicas de posgrao, máis outras dúas que aínda manteñen a xestión dual (grao+posgrao). Estas unidades son tamén as responsables das tarefas de información e xestión do expediente do estudantado, en primeira instancia. Tamén proporcionan apoio administrativo á coordinación dos programas. No caso de que xurdan solicitudes ou situacións extraordinarias son trasladadas ao SXEP para a súa resolución.

O SXEP convoca, con carácter ordinario, dúas veces cada curso ás AAP: unha previa á convocatoria de matrícula, como preparación desta e outra despois de realizada a matrícula, para revisión e coordinación das respostas ás incidencias detectadas. Con carácter extraordinario convócanse tantas reunións como resulten necesarias, tanto xerais como cunha ou varias AAP afectadas por unha determinada situación.

Nestas reunións recóllense tamén as necesidades de formación, tanto detectadas polo SXEP (cambios normativos, novas habilidades, idiomas etc.) como polas propias AAP (habilidades ofimáticas, normativa, uso de novas aplicacións informáticas etc.).

Destas necesidades de formación o SXEP desenvolve directamente aquelas relativas a novas utilidades informáticas, e trasládanse á Xerencia aquelas que requiren a organización de cursos máis formais. Esta decide sobre todas as actividades propostas polos distintos Servizos, asesorada por unha comisión de formación, paritaria coa representación sindical.

A maiores, a EGAP (Escola Galega de Administración Pública) realiza convocatorias anuais de cursos para PAS das universidades galegas enmarcados nos seguintes grandes bloques:

- Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas
- Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- Lingua galega
- Portal de idiomas
- Plan ofimático de Galicia

Estas actividades de formación organízanse tanto na modalidade de teleformación, telepresenza, autoformación e docencia presencial.

Os resultados de satisfacción en relación co persoal de apoio (administración e servizos) son 4,2 (PDI), superiores aos totais da EIDO (3,9), o que se considera de xeito moi positivo.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doutoramento.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos destinadas ao proceso formativo nas dúas facultades integrantes do PD seguen a ser suficientes para o número de alumnado e axeitados para a natureza e modalidade do título.

Os recursos materiais e servizos recollidos na Memoria do título, tal como se expón nos seus apartados 7.1.1 e 7.1.2 (pp. 43-51), foron ampliados e mellorados co paso dos anos. Así, tanto a Facultade de Comunicación como a de Filoloxía e Tradución dispoñen de servizo de biblioteca (físico e virtual), salas de estudo, aulas, seminarios e despachos (físicos e virtuais con sistema de autogravación), na Facultade de Filoloxía e Tradución: estudo de dobraxe e salón de actos dotado con tecnoloxía que permite tradución simultánea directa e inversa.

- 1) Biblioteca: os servizos de biblioteca de ambas facultade levan a cabo un labor continuo e rigoroso de adquisición de novidades de interese en formato libro, por unha banda, e de actualización dos recursos bibliográficos e de documentación de carácter electrónico, por outra.

As bibliotecas (central e específicas dos centros) realizan un esforzo de recursos e de selección considerable neste sentido (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/biblioteca>). Esta actualización realízase a través das adquisicións solicitadas por grupos e proxectos, orientadas ás liñas de investigación e ás perspectivas metodolóxicas que se promoven. Deste enriquecemento participa de maneira activa o PDI do PD en Comunicación, solicitando aquela bibliografía e recursos precisos para o desenvolvemento das liñas de investigación e dos distintos proxectos de tese. Tamén o alumnado contribúe á constitución dun acervo bibliográfico e documental en constante progreso.

Ademais, a universidade conta con repositorios de traballos científicos (publicacións e traballos académicos) que facilitan o acceso á documentación, ao tempo que visibiliza as contribucións de PDI e alumnado (Investigo: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/biblioteca/investigo>). Os fondos bibliográficos e recursos documentais considéranse suficientes e están en constante actualización.

- 2) Os espazos para persoal bolsreiro actualízanse e renóvanse; os doutorandos/as dirixidos por profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución dispoñen, dende 2024, das instalacións do Instituto Universitario Lingua (sala con 9 postos informáticos individuais e sete de autogravación e sala de reunións con pantalla xigante táctil e sistema de videoconferencia), xa que a meirande parte do profesorado do programa desta facultade é membro fundacional do instituto.

Como se sinalaba na memoria, os espazos físicos contan coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, ramplas, cuartos de baño adaptados) para permitir a participación de todas as persoas, independentemente das súas capacidades.

En definitiva, a dotación de instalacións, infraestruturas tecnolóxicas e servizos dos respectivos centros seguen a ser adecuadas para o desenvolvemento das actividades formativas e os obxectivos do PD.

Por outra banda, o PD en Comunicación veu facendo uso das plataformas de docencia que a Universidade de Vigo foi poñendo ao dispor da comunidade universitaria, primeiro de Faitic e, posteriormente, de Moovi. Ata o curso académico 2021-2022, abríanse espazos diferentes para primeiro, segundo e terceiro ano, a través dos cales a coordinación establecía unha comunicación constante co estudantado. A partir do curso académico 2022-2023, o programa dispón dun único espazo en Moovi, no que están integrados todos os doutorandos e doutorandas e ao que se incorpora todo o profesorado, e que está organizado do modo que segue:

- Taboleiro de anuncios, ao que están adscritos todos os integrantes do programa (estudiantado e profesorado), a través do cal se envía información de carácter xeral, avisos, anuncios de axudas e bolsas, consúltanse dúbidas, fanse preguntas etc.
 - Foro para estudantes de primeiro ano, foro para estudantes de segundo ano, foro para estudantes de terceiro ano e foro de profesorado, aos que están adscritas as persoas especificadas no nome de cada foro e a coordinación. Neles trátanse cuestións específicas do ano do programa en cuestión, no caso dos tres primeiros, e relativas a asuntos que teñen que ver coa dirección e titorización de tese, organización de actividades do programa, cuestións académicas etc., no caso do foro de profesorado.
 - Utilidades e información xeral: nesta sección despréganse recursos como a listaxe de profesorado coas súas liñas de investigación e contactos, información sobre o itinerario académico dos estudos de doutoramento, sobre o programa de doutoramentos industriais, o regulamento de estudos de doutoramento, a guía de boas prácticas para a dirección de tese de doutoramento, indicacións para as avaliacións anuais, documentación para o depósito de tese, información sobre como facerse unha conta de correo na UVigo etc.
- Así mesmo, todos os integrantes do programa poden consultar neste apartado as Actas das Xornadas de Doutorandos/as, resultado da publicación dos relatorios dos estudantes de segundo ano nas xornadas que se celebran anualmente e que contan xa con 10 edicións (2015-2024). Tamén están dispoñibles as gravacións das xornadas antes mencionadas desde o curso 2021-2022.
- Seminarios de investigación: nesta sección están as gravacións, presentacións e materiais dos seminarios de investigación, que se renovaron durante os cursos 2022-2023 e 2023-2024.

A través do espazo de coordinación de Moovi, a coordinación informa ao estudantado das convocatorias abertas (axudas predoutorais da Universidade de Vigo, de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia, de apoio para estadías no estranxeiro ou en centros españois situados fóra de Galicia da Xunta de Galicia, bolsas e axudas de mobilidade do Ministerio, etc.) e a CAPD colabora co alumnado no proceso de elaboración dos expedientes para a solicitude destas axudas e bolsas.

Até o ano 2017, os programas de doutoramento da Uvigo tiñan a posibilidade de dedicar parte do seu orzamento a conceder axudas de viaxe e estadía para os alumnos do programa. Estas axudas canalizábanse

a través dunha convocatoria propia da EIDO na que as axudas se concedían con cargo aos programas que así o decidían. O programa de Comunicación sempre participou nestas convocatorias cunha parte significativa do seu orzamento. Na actualidade, as axudas convocadas pola EIDO subvenciónanse con cargo a outras partidas e non ao orzamento propio dos programas. De todos os xeitos, a CAPD está a valorar a posibilidade de solicitar permiso á EIDO para destinar parte do seu orzamento a bolsas para inscricións en congresos ou revisión de manuscritos de artigos redactados en inglés para as publicacións dos doutorandos/as.

Os resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais do estudantado de terceiro ano son 4 e 4,2, lixeiramente superiores ao total de EIDO (3,9 e 4, respectivamente).

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Acollida e apoio

Servizos de carácter institucional:

A Universidade de Vigo dispón de procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso. Na *Guía rápida do estudante* ponse a disposición do alumnado de novo ingreso información orientativa sobre a institución e inclúe información relativa ao sistema universitario, estudos oficiais, calendario escolar, programas de mobilidade, bolsas, oferta académica, transporte aos campus universitarios, aloxamento en residencia etc.

Para os estudantes estranxeiros, a Universidade de Vigo conta cun servizo especial de acollida a través da Oficina de Relacións Internacionais (ORI), que dá apoio tanto informativo, como na procura de aloxamento, cursos de idiomas. Esta oficina facilita a *Guía de benvida para o estudantado estranxeiro*, con información práctica para os estudantes estranxeiros que queiran cursar estudos na Universidade de Vigo.

(<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>)

A Universidade de Vigo organiza anualmente, en cada un dos tres campus, unhas xornadas de benvida/acollida destinadas á xeneralidade dos estudantes:

(<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/xornadas-benvida-20242025>)

Ademais, a EIDO tamén organiza ocasionalmente xornadas de benvida tanto para os novos estudantes de doutoramento como os de continuación, na que se dá información orientativa que facilita o coñecemento da EIDO, información xeral sobre o doutoramento, calendario académico, actividades formativas, programas de mobilidade, procesos académicos, etc.

(<https://tv.uvigo.é/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>)

Servizos de atención e orientación específicos do programa:

A coordinación do programa resolve todas as dúbidas que lle chegan dos candidatos/as que desexan acceder ao programa, tanto a través do correo electrónico específico (comunitrad@uvigo.es) como telefonicamente e persoalmente durante as súas horas de atendimento. Ademais, unha vez finalizado o prazo de matrícula, celébranse as xornadas de benvinda nas que se explica aos novos doutorandos/as a organización e actividades do programa e se lles pon en contacto con todo o profesorado deste.

Servizos de Atención

Servizos de carácter institucional:

A Universidade de Vigo, con carácter xeral, a través da EIDO (eido.uvigo.gal), do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>) e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria (<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>), da Oficina de Relaciones internacionais ORI (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/oficina-relaciones-internacionales>) e a Unidade de Emprego e Emprendemento (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emprego-emprendemento>) conta con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados, como:

- Wifi, correo e teledocencia
- Aloxamento e transporte
- Tarxeta universitaria
- Biblioteca
- Becas e axudas
- Mobilidade (ORI)
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Emprego e emprendemento
- Unidade de Igualdade
- Cultura
- Benestar, Saúde e Deporte
- Delegacións e asociacións de estudantes
- Voluntariado
- Atención á diversidade
- Gabinete Psico-Pedagóxico
- Información xeral

Ademais do comentado, os servizos descritos na epígrafe 2.2 son tamén aplicables.

Servizos de atención específicos do programa:

Dende a coordinación do programa fanse todos os esforzos para proporcionar ao alumnado a información, asesoramento, orientación e tutela segundo van precisando en cada etapa. Así, os labores de orientación son

máis intensos no 1º ano de doutoramento, no que o alumnado toma contacto por primeira vez coa toma de decisións, elaboración de proxectos, cumprimento de prazos, trámites burocráticos e uso de aplicacións informáticas. Os resultados das enquisas de satisfacción realizadas entre o alumnado de primeiro e terceiro anos reflicten un elevado nivel de satisfacción do alumnado respecto dos servizos de atención ao estudante, principalmente no que depende do propio PD e atinxe ao labor da coordinación do programa (4,5 e 4,6), das direccións (5 e 4,1) e titorizacións (5 e 4,1), que en case todos os casos está por enriba da media de toda a universidade.

Servizos de orientación profesional

Servizos de carácter institucional:

Entre os servizos de apoio institucional da Universidade de Vigo pódense mencionar:

- Emprego e Emprendemento: Facilita, en colaboración con administracións, empresas e outras institucións, información, asesoramento e formación en relación co acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.
- Fundación Universidade de Vigo (FUVI): Apoia e promove a actividade emprendedora da Universidade de Vigo, así como actuacións de fomento do emprego do estudiantado universitario. Realiza un traballo proactivo de cara á detección de proxectos de carácter innovador e cun alto contido tecnolóxico. Ademais, leva a cabo asesoramento en emprendemento para a creación de empresas e posterior acompañamento nas fases iniciais dunha *start-up*.

Servizos de orientación profesional específicos do programa:

Para contribuír á orientación profesional dos doutorandos/as, dende o programa inclúense nas súas actividades, principalmente nas Xornadas de Doutorandos de segundo ano, comunicacións de antigos egresados/as do programa que achegan a súa perspectiva do mundo profesional tralo doutoramento.

Con todo, moito do estudiantado, principalmente o procedente de Portugal, xa se dedica á docencia e investigación en centros de educación superior, polo que non precisan de orientación profesional específica.

Estudantes con necesidades educativas específicas

A Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN) atende aos membros da comunidade universitaria necesidades educativas específicas, establecendo sistemas e servizos de apoio e asesoramento adecuados, que poderán determinar a necesidade de adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos

(<https://www.uvigo.gal/es/campus/atencion-diversidade>)

Os resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación son 4,5 no programa de doutoramento, superiores aos totais da EIDO (3,6), o que se considera de xeito moi positivo.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o programa ponse especial énfase en garantir que os estudantes acaden as capacidades, destrezas e competencias previstas na memoria de verificación, que no seu momento foron deseñadas tendo en conta que estaban dirixidas a estudantes de doutoramento e, polo tanto, a un nivel 4 do MECES. Por este motivo, as actividades deseñadas para o seu desenvolvemento nos diferentes cursos están orientadas á adquisición destas competencias e, ao tempo, a garantir unha progresión do estudantado no seu grao de autonomía (capacidade persoal CA04 prevista no Real Decreto 861/2010). O primeiro ano contan cunha orientación total para o deseño do plan de investigación e realizan actividades de introdución á investigación tuteladas e supervisadas. O segundo ano espérase unha maior autonomía, aínda que as direccións seguen a supervisar a elaboración da proposta de comunicacións das xornadas e o, posteriormente, o artigo resultante. Porén, no terceiro ano, no que teñen que facer unha estadía, publicar un artigo ou facer unha comunicación nun congreso alleo á Universidade de Vigo, espérase que o estudantado sexa quen de realizar a tarefa escollida de maneira autónoma.

En xeral, a resposta dos alumnos a esta estruturación de actividades é positiva e o número e calidade das contribucións científicas derivadas das teses de doutoramento confirma que o alumnado acada esa autonomía que lle permite publicar e difundir o seu traballo fóra da nosa institución.

Doutra banda, cómpre salientar que entre os cursos 20-21 e 23-24 acadouse unha cifra apreciable de teses defendidas. A porcentaxe con cualificación de *cum laude* é: 71,43 % en 20-21, 66,67 % en 21-22, 80 % en 22-23 e 50% en 23-24. Por outra banda, a porcentaxe de teses con mención internacional varía segundo o curso: 14, 29 % en 20-21, 66,67 % en 21-22, 0 % en 22-23 e 50 % en 23-24. Estes indicadores permiten inferir que a adquisición das competencias contempladas na memoria, en especial as competencias específicas CE1, CE2 e CE3, está a se producir de maneira satisfactoria, o mesmo que as capacidades e destrezas persoais previstas no RD 861/2010, como a capacidade de defender solucións dende unha perspectiva intelectual, ou a de deseñar e desenvolver proxectos novidosos no seu eido de coñecemento.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa media de graduación para os cursos académicos entre 2020-2021 e 2023-2024 é de 28,58 %, a taxa media de abandono para ese período é de 13,63 % e a taxa de éxito a catro anos é do 58,3 %. Isto supón unha mellora respecto do informe de seguimento anterior, no que se rexistrou unha taxa de éxito a catro anos do 36 %.

A duración media dos estudos é a seguinte:

2020/2021	Home	Mixta	6
2020/2021	Home	Tempo Completo	4
2020/2021	Muller	Tempo Completo	5
2021/2022	Home	Tempo Completo	6
2021/2022	Muller	Tempo Completo	5
2022/2023	Home	Mixta	8
2022/2023	Muller	Mixta	8,5
2022/2023	Home	Tempo Completo	6
2022/2023	Muller	Tempo Completo	5
2023/2024	Home	Mixta	7,5

En canto ao número de prórrogas solicitadas, os datos desglosados son os seguintes:

- Sen prórroga:
 - Homes: 0,00 % (2019/2020 a 2023/2024).
 - Mulleres: 0,00 % (2019/2020 a 2020/2021 e 2023/24), 33,33 % (2022/2023).
- Con unha prórroga:
 - Homes: 0,00 % (/2020), 66,67 % (2020/2021), 50,00 % (2022/2023 e 2023/2024).
 - Mulleres: 0,00 % (2019/2020 e 2022/2023 e 2023/2024), 50,00 % (2020/2021 e 2021/2022).
- Con dúas prórrogas:
 - Homes: 50,00 % (2019/2020, 2022/2023 e 2023/2024), 33,33 % (2020/2021), 100,00 % (2021/2022).
 - Mulleres: 0,00 % (2019/2020 e 2023/2024) 50 % (2020/2021 e 2021/2022), 66,67 % (2022/2023).

O número de teses defendidas nos seis últimos anos académicos analizados supón unha media de aproximadamente 4,8 teses por ano. Destas, a porcentaxe de teses cualificadas con cum laude superou o 50 % en case todos os cursos académicos en que se defenderon teses (2016-17: 80 %; 17-18: 80 %; 18-19: 50 %; 20-21: 71,43 %; 21-22: 66,67 %; 22-23: 80%; 23-24: 33 %). As teses con mención

internacional presentan variacións, con valores altos (66,67 %) en 2021-2022 e outros períodos con porcentaxes menores (2016-17: 40 %; 17-18: 20 %; 18-19: 25 %; 20-21: 14,29 %; 22-23: 0 %; 23-24: 33 %).

Estes indicadores reflicten a calidade dos traballos realizados, malia que tamén se identifican oportunidades para fomentar a inclusión de máis mencións internacionais.

En canto ás contribucións científicas, No Anexo 5, Táboa 5 recóllese unha escolma dos traballos publicados entre os anos obxecto de revisión polos doutorandos/as que depositaron e defenderon a súa tese durante o período. Ademais, todos os doutorandos/as deben enfrontarse como parte da súa etapa formativa, á preparación e presentación dunha comunicación científica nas Xornadas de Doutorandos do programa, comunicación que despois se recolle por escrito nas actas anuais das devanditas xornadas.


6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil do alumnado que accedeu ao Doutoramento en Comunicación entre 2017-2018 e 2023-2024 resúmese na gráfica seguinte:



Obsérvase que predomina o alumnado procedente de titulacións de grao e mestrado, títulos oficiais españois ou equivalente con polo menos 300 créditos ECTS ou títulos universitarios oficiais que obtiveran a correspondencia ao nivel 3 do MECES. Pola contra, son infrecuentes os doutorandos/as que xa contan cun título de doutor, os que acceden a través do diploma de estudos avanzados (DEA) ou a través da acreditación da súa suficiencia investigadora.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da EIDO conta con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns

Medición da satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba estas actividades.

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- o Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- o 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- o As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- o 2020, 2021 e 2022: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- o 2020 e 2022: enquisas ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20, e 2020/21 e 2021/22, respectivamente.
- o Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas harmonizados, por grupos de interese, entre as 3 universidades do SUG. Realización: novembro 2021
- o Egresados: 1º estudo histórico de inserción laboral 1990-2020 en novembro de 2022. Realización do 1º estudo anual de inserción laboral e satisfacción, sobre o curso 2020/21, en outubro de 2023, a través do Observatorio de Egresados do Consello Social.

- Terceiro ciclo: 2022/23 a 2025/26: aprobado na Comisión de Calidade en xullo de 2023.

- o 2023 e 2024: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano, cursos 2022/23 e 2023/24
- o 2024: cuarta enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2022/23 e 2023/24
- o 2023: enquisa de inserción laboral a egresados do 2020/21

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
52,76 %	44,13%	50,61%	47,32%	50,42%	42,57%	45,61%	45,38%	51,19%	50,37%
42,85 %	57,89 %	35 %	11,11 %	66,66 %	33,33 %	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
48,56 %	49,75%	52,55%	47,39%	48,26%	46,50%	46,59%	41,06%		
33,33 %	36,36 %	53,33 %	45,45 %	68,42 %	16,66 %	41,17 %	54,54 %		

Os resultados de participación institucionais (fila superior) son moi elevados, con valores por riba do 40% para os estudantes de 1º e de 3º ano. Lixeira tendencia negativa en 1º ano, diminuíndo a taxa de participación do 48%, o ano anterior, ao 46%. En 3º ano, de forma semellante, pasa do 46% a 41%. Ambas as dúas mantéñense en valores históricos relativamente estables. As actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas.

Estes son os resultados verdadeiramente significativos para a análise da participación, posto que os desagregados por programa non poden ser considerados desde o mesmo punto de vista ao tratarse de poboacións moi pequenas. Aínda así, a gran maioría dos programas, 30/40 en 1º ano e 22/39 en 3º ano, superan o 35% de participación.

Os resultados de participación do programa (fila inferior) superan o 30 %, salvo en dous casos (16-17 e 22-23), ambos no terceiro ano e, en ocasiónes, superan os totais da EIDO.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
3,83	3,49	3,33	3,49	4,04	3,76	3,95	3,85	4,15	4,01
4,42	3,71	3,61	4,34	3,83	3,84	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
4,19	3,97	4,15	3,97	4,14	3,86	4,13	3,93		
4,52	3,63	3,62	4,16	4,05	3,20	4,57	4,26		

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que tenden ou superan o nivel *satisfactorio* (4/5), tanto en 1º ano como en 3º. A tendencia á mellora estabiliza en 1º ano, pasando de 4,14 o ano anterior a 4,13, e semella mellorar lixeiramente en 3º pasando de 3,86 a 3,97. Os dous valores están por riba do obxectivo de calidade 2024 (3,90) Tamén, unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), e moitos deles superior a 4/5. Do mesmo xeito que no caso da participación, os resultados desagregados por programa deben tratarse con cautela, ao tratarse de poboacións moi pequenas. Nestes casos convén prestar máis atención ás tendencias ca aos valores puntuais.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) superan en todos os casos ao punto medio da escala (3/5), o 50% está por riba do obxectivo de calidade 2024 (3,90) e o 70 % está por riba dos indicadores da EIDO.

-(*) Como se comentou, en outubro de 2020 realizáronse ao mesmo tempo, de forma extraordinaria, as enquisas anuais a estudantes de 1º e 3º ano de 2019/20 e tamén do curso 2018/19, retrasadas pola pandemia.

Un problema técnico na configuración da aplicación de enquisas (LimeSurvey) provocou que, aínda que o proceso de recollida de opinión se desenvolveu correctamente e se dispoñan dos datos agregados, sexa imposible dispor dos resultados de participación e de satisfacción desagregados por programa, así como tampouco por sexo. Trátase dunha cuestión puntual que, de xeito excepcional, afectou a dous cursos. En 2021, resolta a incidencia, dispónse de novo de resultados desagregados.

Profesorado (directores/as e titores/as de teses):

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
52,73%	52,59%	41,86%	35,85%
Non dispoñible	70	68,75	52,38

Resultados de participación institucionais (fila superior): a primeira enquisa do 2018 obtivo resultados moi elevados, de case un 53%. Esta participación tan significativa repetiuse no 2020, de novo case un 53% polo que as actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación se consideran efectivas. En 2022 semella produciuse unha ruptura da tendencia, que provocou unha baixada ata o 35%.

Resultados de participación por programa (fila inferior): en 2018 non estaban dispoñibles os resultados desagregados, pois a poboación histórica de profesorado non estaba asociada a cada programa.

A partir de 2020, os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) son moi elevados, superiores aos do total da EIDO en todos os casos, aínda que tamén se aprecia una tendencia descendente.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
3,65	3,88	4,08	4,06
3,69	3,93	4,05	4,23

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que marcan unha tendencia cara ao nivel *satisfactorio* (4/5). Aínda que en 2018 non se dispuña de datos desagregados, en 2020 constátase que unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), con tendencia ao valor 4/5. Esta tendencia reafírmase no ano 2022 e no 2024.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) confirman o exposto no anterior parágrafo: son positivos, aumentando ano a ano, con clara tendencia ao valor 4/5 e por riba dos xerais da EIDO en todos os casos.

Persoal de Administración e Servizos (PAS de apoio a doutoramento)

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
38,10%
50 %

Resultados de participación institucionais (fila superior): a participación global está preto do 40%. Este resultado considérase aceptable por ser a primeira experiencia na realización dun grupo focal para o PAS de doutoramento, aínda que, coas eventuais accións de comunicación e sensibilización, pode ser mellorable.

Resultados de participación por programa (fila inferior): a participación do programa chega ao 50 % e está por riba da participación institucional.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
3,33
4,16

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, cun valor por riba da media da escala, é dicir, satisfactorios. Hai que ter en conta que o obxectivo xeral do grupo focal está orientado máis á xeración de ideas (cualitativo) que a un valor (cuantitativo). O valor transmite unha dimensión da satisfacción relativa, posto que se trata de grupos focais cun tamaño pouco significativo estatisticamente.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior) son moi positivos e transmiten unha dimensión claramente satisfactoria.

Titulados

Véxase comentarios na epígrafe 6.5

Sistema de QSP

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema está operativo e está consolidado, e representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Aínda que os tempos de resposta medios (8 días) están dentro do previsto no Regulamento de QSP, á súa mellora oriéntase a mellorar esta prestación.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúan na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Existen procedementos que permiten medir e analizar a inserción laboral dos futuros doutores/as. En liñas xerais, existen tres mecanismos e fontes de datos con orixe diferente pero complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da axencia de calidade (ACSUG): <http://www.acsug.es/gl/insercion>
- As análises de situación da satisfacción e empregabilidade institucionais da Universidade de Vigo. A EIDO, en colaboración coa área de Calidade, o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e a vicerreitoría de Estudantes, coordina a recollida desta información a través do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. A metodoloxía de recollida de información, a frecuencia coa que levan a cabo e outros aspectos técnicos están definidos na Ficha técnica da actividade, aprobada pola Comisión de Calidade da EIDO.

Estas análises, iniciadas de forma pioneira en 2021 co primeiro estudo de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento que abarca o período histórico 1995/2020 representativo da empregabilidade de todas as promocións desde a creación da Universidade de Vigo até o curso académico 2019/2020, inclúen datos e valoracións tanto da inserción laboral como da satisfacción dos egresados/as cos estudos de doutoramento e a formación recibida, estando dispoñibles de forma agregada (institucional) como desagregada por programa de doutoramento. En 2024 presentouse o segundo informe correspondente aos titulados/as do curso 2020/2021 que, ademais dos datos de inserción laboral, tamén contén información sobre a satisfacción dos titulados/as cos estudos de doutoramento. Desde este segundo informe, estas análises terán unha frecuencia anual. A información sobre os informes e resultados está dispoñible en:
 - Portal de transparencia da Universidade de Vigo
 - Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo
- Os datos dispoñibles do seguimento que realiza cada CAPD, que permiten obter información dos egresados/as e a súa inserción laboral unha vez terminado o doutoramento.

En xuño de 2023 (29/06/2023), a Comisión Académica do Programa de Comunicación reuniuse para analizar os últimos datos de inserción laboral dispoñíbeis (curso 2022-2023), que son os que se expoñen a continuación:

- O 65 % dos egresados/as traballan en Galicia e un 35 % fóra de España. Este último dato cremos que se explica polo elevado número de estudantado no programa procedente do noso país veciño, Portugal.
- O 75 % dos egresados/as traballa por conta allea e un 25 % por conta propia.
- O 62,5 % traballa no ámbito público, concretamente na docencia. Un 37,5 % traballa na empresa privada como profesionais (12,5 %), consultores (12,5 %) ou prestando servizos á administración pública (12,5 %). - 12,5 % son directivos/as e un 87,5 % persoal técnico cualificado.
- O 25 % traballa de maneira individual, 12,5 % nunha pequena empresa e un 62,5 % nunha gran empresa (entendemos que un centro docente, xa que coincide esta porcentaxe co de persoas que traballan no ámbito público, na docencia). Este dato podería explicarse tendo en conta que un bo número de doutorandos/as son docentes de universidades galegas e portuguesas e o seu paso polo programa supón un banzo importante na súa carreira académica).
- O 100 % dos egresados/as afirma realizar traballos relacionados coa súa formación e considera que o nivel académico alcanzado foi o adecuado (non ven sobrecualificados/as nin infracualificados/as).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- o Número de teses defendidas
- o Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- o Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- o Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- o Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- o Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- o Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- o Porcentaxe de egresados que están traballando
- o Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- o Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
....	

4. PLAN DE MELLORAS

(Ver Anexo IV)

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS (modelo de acción de mellora)

Accións institucionais (xestionadas na Eido)

Accións resultado do informe(s) de verificación e modificacións de ACSUG
(se procede)

Accións incorporadas en informe(s) de seguimento anterior(es)

Accións de mellora	Estado situación	Comentarios /observación
AM1 (Dimensión 1. Criterio 1) de obrigado cumprimento- Revisión dos seminarios de metodoloxía. O programa utilizará o campus remoto para organizar seminarios metodolóxicos de forma síncrona nos que se garanta a interacción entre expertos/docentes e doutorandos. Procurarase que se incorporen a estes seminarios tanto profesorado do programa e alleo como investigadores egresados que poidan achegar coñecementos sobre metodoloxía ou investigacións xa realizadas.	completada	Desde o curso 2022-2023, a CAPD leva a cabo anualmente actividades formativas síncronas, que se gravan. Deste xeito, nútrese o repositorio de materiais do programa e foméntase a interacción de estudantado, profesorado e expertos. Ademais, nas xornadas de doutorandos/as, convídase a persoas doutoradas o curso anterior para que expoñan a súa experiencia e interactúen cos futuros doutores.
AM2 (Dimensión 1. Criterio 1)- Avaliación da pertinencia de reducir / fusionar /reorganizar	completada	A nova oferta de liñas de

as liñas de investigación do programa. Avaliación por parte da CAPD das posibilidades de combinación e reorganización de liñas de investigación, en función dos seus puntos en común.		investigación está na modificación substancial do programa 2024.
AM3 (Dimensión 1. Criterio 2)- Mellora da información pública. A CAPD designará un coordinador de información que se encargará de recompilar a información necesaria e contactará cos responsables da xestión e mantemento do sitio web para revisar e incorporar a información indicada na recomendación de forma coordinada coa dirección da Eido. O informe di: ● Recoméndase mellorar a visibilización dos resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes colectivos. Acción proposta: Incluirase un acceso aos resultados do portal de transparencia da Universidade de Vigo desde a páxina web do programa	completada	A coordinación do programa encárgase de manter o contacto cos responsábeis da xestión e mantemento do sitio web, para a actualización dos aspectos que dependen especificamente do programa, mentres que a EIDO se encarga das cuestións que son común a todos os programas.
AM4 (Dimensión 1. Criterio 3) de obrigado cumprimento- Deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese da Escola Internacional de Doutoramento. Nos próximos cursos realizaranse enquisas aos egresados e o PAS.	completada	A enquisa de satisfacción do PAS foi feita por primeira vez en novembro 2021, mediante grupos focais. En canto aos egresados/as, temos estudos de inserción laboral e a enquisa a egresados.
AM5 (Dimensión 2. Criterio 4) de obrigado cumprimento)- Actualización do cadro docente do programa de doutoramento. Procederase a detectar as necesidades de profesorado nas diferentes liñas de investigación. A Comisión Académica valorará e seleccionará novo profesorado para ser incorporado ao programa, tras establecer uns criterios que os novos profesores/as deberán cumprir. Entre os	completada	

obxectivos desta acción destacan: o incremento do número de proxectos de investigación que contén como IP a profesorado ligado ao programa, equilibrar o número de docentes asignado ás liñas para cubrir as baixas de profesorado.		
AM6- Incremento da internacionalización do programa. Nos próximos cursos recoméndase convidar a un maior número de expertos internacionais para participar ou impartir Seminarios Monográficos. Tamén se tratará de contar con máis expertos internacionais nos tribunais de teses. Recoméndase informar e animar aos estudantes para facer teses doutorais internacionais, así como desenvolver convenios Erasmus con universidades europeas. Todo iso, segundo o indicado na acción de mellora proposta.	Parcialmente completada	A facultade de Comunicación e a FFT contan cun catálogo de convenios Erasmus moi importante. Ademais, abriuse un específico coa Universiteit Antwerpen co programa de doutoramento Translation Studies. De todos os xeitos, habería que aumentar o número de convenios de colaboración axustados ao perfil científico-académico do programa.

Accións resultado do informe de avaliación do(s) seguimento(s) de ACSUG
(se procede)

Accións adicionais resultado das análises deste informe de renovación da acreditación (se procede)